



Concello de Vigo

Contratación

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVENIDA CLARA CAMPOAMOR PK 3+730 A PK 4+650

1.- Entidade adxudicadora: a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Vías e Obras. c) **Obtención de documentación e información:** servizo de Contratación do concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, teléfono (986) 810148, Fax: (986) 226206. **Correo electrónico:** contratacion@vigo.org **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.vigo.org. **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) **Número de expediente:** 73136-250.

2.- Obxecto do Contrato: a) **Tipo:** Obras; b) **Descrición:** obras previstas no proxecto "REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVENIDA CLARA CAMPOAMOR PK 3+730 A PK 4+650". c) **División por lotes e número de lotes:** non. d) **Lugar de execución:** Concello de Vigo. e) **Prazo de execución:** 3 meses.

3.- Tramitación e procedemento: a) **Tramitación:** Urxente; b) **Procedemento:** Aberto.

4.- Presuposto base de licitación: a) **Importe total:** 145.239,93.- euros. (I.V.E. engadido) b) **Financiado con fondos europeos:** Sí, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

5.- Garantías esixidas. Provisional: non se esixe. **Definitiva:** 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista: a) **Clasificación:** non se esixe. b) **Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:** a esixida no apartado 6) das follas de especificacións do contrato (FEC).

7.- Presentación de ofertas: a) **Data límite de presentación:** o prazo rematará ós 13 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG; b) **Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n, 36202 VIGO; c) **Admisión de melloras:** non; d) **Prazo da obriga de mante-la oferta:** dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.- Apertura de Ofertas: a) **Dirección:** Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) **data e hora.** Anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo (www.vigo.org).

9.- Gastos de Publicidade: Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

BBR/gr

Vigo, 6 de abril de 2015
O concelleiro delegado de Contratación,

David Regades Fernández